



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 21 DE

XULLO DE 2014

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e un de xullo de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Intervén, como secretaria accidental, dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 14 de xullo de 2014

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 14 de xullo de 2014 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia

- Anuncio do Consorcio das Mariñas, de aprobación inicial do padrón fiscal da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao segundo trimestre do ano 2014 que reixerá para o Concello de Cambre. (Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 135, do día 17 de xullo de 2014).

- Lei 13/2014, de 14 de xullo, de transformación do fondo para o financiamento dos pagamentos a provedores. (Boletín Oficial do Estado número 171, do día 15 de xullo de 2014.)

- Orde do 9 de xullo de 2014, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de

axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2014. (Diario Oficial de Galicia número 137, do día 21 de xullo de 2014).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre solicita que se lle rescinda o contrato á empresa adjudicataria da roza, dado que non está cumprindo co contrato asinado e restan dez días para o seu remate.

A continuación informa que nas últimas semanas se convocou a todo o persoal do concello para que asistira ás xornadas de formación para tramitar os expedientes de contratación a través da plataforma SIGEM pero soamente asistiron seis persoas e agora non se está a tramitar correctamente posto que non se aproveitaron debidamente estas xornadas de formación. Di que intentará corrixir esta situación.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que se recibiu a resolución oficial para que se poida iniciar a preselección dos alumnos do obradoiro de emprego.

A continuación informa respecto do curso de soldadura TIG, dentro do plan de formación municipal, e di que é o primeiro ano que se inclúen prácticas neste plan, xa se remataron as citadas prácticas e algunha persoa quedou xa contratada.

Igualmente, informa que os monitores de tempo libre están a facer as prácticas agora no verán.

Respecto dos cursos de AFD, dona Marta Maria Vázquez Golpe manifesta que se está a asinar algún preconvénio con entidades e empresas para facer as prácticas dos módulos.

Así mesmo, engade que están xa feitos os convenios para realizar as prácticas do obradoiro de atención sociosanitaria.

Para finalizar a súa intervención, dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que se levará ao pleno deste mes a aprobación das bases de "Cambre emprende 2014".



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que se remataron as obras de sinalización vertical e horizontal en Penouviña, Cambre.

A continuación, informa que se remataron as obras de conexión á rede de saneamento das casas situadas na marxe dereita da entrada a Cambre, na zona do Paraugas, aproveitando así deste xeito as obras de reforma do paraugas.

A seguir, informa que nos Campóns, Sigrás, xa se remataron as obras de abastecemento para o hidrante da nave de protección civil e para a canalización de enerxía eléctrica. Soamente falta aglomerar.

Para rematar a súa intervención, don Manuel Marante Gómez informa que se está a sinalizar a unidade de execución número 11, o que levará consigo os cambios de direccións nalgunhas rúas, que xa foron solicitados polos veciños.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o venres día 18 tivo lugar o festival "Noites Rock", con gran éxito dos grupos e asistencia de público.

A seguir informa que o vindeiro día 22 de xullo se reunirá o xurado de selección para o cartel das "Festas Cambre 2014".

Para rematar a súa intervención, don Santiago Manuel Rios Rama informa que o vindeiro día 24 de xullo, ás 20.00 horas no anfiteatro do parque da Igrexa de Cambre terá lugar a actuación musical "Bicos de música", de Mamá Cabra, que se suspendera o día 23 de xuño, debido as inclemencias metereolóxicas

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que o Concello se Cambre se adheriu ao protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia a Federación Galega do Banco de Alimentos e a Federación Galega de Municipios e Provincias para establecer unha coordinación na entrega de alimentos a familias en situación de vulnerabilidade e con menores ao seu cargo.

A continuación informa que se recibiu por parte da Cruz Vermella un donativo de máis de 2.500 quilogramos de alimentos.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria accidental



Manuel Rivas Cardad



Verónica María Otero López

A handwritten signature in blue ink, consisting of several overlapping loops and a long horizontal stroke at the end.